

VIEIROS

Bos Aires

Edición xestionada por [Débora Campos](#)

DÉCIMO ANIVERSARIO DO SEU PASAMENTO

A Colectividade Galega de Bos Aires lembra o galeguista Ricardo Palmás Casal

O 10 de novembro cúmprense dez anos desde a desaparición desta vida fecunda, tronzada aínda nova, adicada con enerxía e creatividade ó periodismo e á cultura galega. Sociólogo, periodista de EFE, escritor, conferencista e investigador da biografía de moitos galeguistas, foi un "galego nado na emigración" que deu todo pola súa Terra.

- 18:31 09/11/2006

A súa pelerinaxe rematou, de súpeto, no aeroporto de Heathrow van xa dez anos. Unha vida fecunda, aínda nova para dar moitos froitos para a cultura galega, deixa textos, epistolario e investigacións en curso que moitos opinan o mellor de Ricardo Palmás, aínda sen publicar.

No prólogo de Lonxanía libro-homenaxe a Elsa Fernandez, editado pola Asociación de Fillos de Galegos da Arxentina en 1965 con deseño de Luis Seoane e grabado de Laxeiro, Palmás preguntaba: "Lonxanía... será agora lonxanía?". Pasaron logo anos de traballo diste home adicado a unha tarefa cultural multifacética sempre vencellada á Galiza.

Fillo dunha familia de emigrantes galegos ó Río da Plata o labor de Ricardo Palmás é continuo na emigración. Licenciado en Socioloxía e Periodista de EFE, reside en Bos Aires, Brasil, Londres, Madrid e Lisboa, sen deixar a súa permanente conexión coa Galiza.

Sempre activo e militante dunha Galiza universal, desde os quince anos integra o movemento galeguista de Bós Aires e participa no desenvolvemento de A.G.U.E.A. (Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas) e máis adiante está cos fundadores da Asociación Arxentina de Fillos de Galegos onde continuará cos cursos de idioma galego que iniciara Eduardo Blanco Amor.

Publica Pelerinaxe (Montevideo, 1965), Castelao, prosa do exilio (Patronato da Cultura Galega, Montevideo, 1976), A emigración galega na Arxentina (Edicións do Castro, A Coruña, 1978), Aportacións pra unha bibliografía de Castelao (Xesús Alonso Montero, Epifanio Ramos de Castro, Ricardo Palmás Casal, Sada, Edicións do Castro, 1970), prologa Cartas a Rosalía (Teresa Barro, Londres), Fernando Iglesias "Tacholas", un actor auriense na Galicia ideal (Luis Pérez Rdguez., Sada, Edicións do Castro, 1996) e, finalmente, a súa participación no libro colectivo coordinado por Xosé Neira Vilas Eduardo Blanco Amor, desde Buenos Aires (Edicións do Castro, 1995), tamén no libro colectivo coordinado por Arturo Casas Tentativas sobre Dieste (Sgo. de Compostela, Sotelo Blanco, 1995) e en Luis Seoane (1910-1979)

Día das Letras Galegas 1994 (Xunta de Galicia, 1994).

Dicía Palmás no seu libro "A emigración galega na Arxentina" que as "pegadas galegas, particularmente na rexión do litoral rioplatino, deberán de ser obxecto de demoradas esculcas que darán resultados de moito interese, tanto para os galegos como para os arxentinos". Pasaron moitos anos desde esta afirmación e moito se fixo. Mais non o suficiente. Cabe aínda pescudar na vida e obra de moitos emigrantes e descendentes de galegos que amaron e aman á Galiza.